



Dourado

# Dourado Prateado e Policromía

Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño

EASD PABLO PICASSO A CORUÑA

# Dourado Prateado e Policromía

## Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño

Os múltiples campos de aplicación e a gran variedade de técnicas dos que dispón, capacitan ao Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño en Dourado, Prateado e Policromía para o exercicio de traballos relacionados coa pintura decorativa, a ornamentación de mobles, o deseño e a rotulación a man, a caligrafía iluminada, os acabados escultóricos ou a pintura mural, entre outros.

A súa versatilidade e a súa capacidade de diversificación establecen un vínculo moi próximo a outras disciplinas artísticas, que van dende a pintura, a escultura e a ilustración, ata o deseño gráfico, deseño de produto ou a arquitectura.

A tradición milenaria, propia destes oficios, atopa unha ampla área de traballo acorde coa sensibilidade e a estética contemporáneas, aportando una serie de recursos que veñen a enriquecer o contexto da creación artística actual.

### **1º Curso**

Debuxo Artístico. Debuxo Técnico. Aplicacións Informáticas. Volume. Historia da Escultura. Taller de Dourado e Prateado. Materiais e Tecnoloxía. Proxectos I.

### **2º Curso**

Proxectos II. Taller de Policromía. Taller de Técnicas de Restauración. Formación e Orientación Laboral. Proxecto Integrado. Prácticas externas.

### **Accesos**

**Acceso Directo:** Bacharelato en Artes ou Bacharelato Artístico do Plan Experimental. Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño da Familia Profesional de Artes Aplicadas á Escultura. Títulado Superior de Artes Plásticas. Títulado Superior de Deseño. Títulado Superior de Conservación e Restauración. Grao en Belas Artes. Grao en Arquitectura. Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial.

**Acceso Mediante Proba Específica:** Bacharelato. Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño Gradudado en Artes Aplicadas do Plan de 1963 ou Experimental. Técnico Especialista ou Superior de Formación Profesional. Grao Universitario.

**Acceso Mediante Proba de Madureza e Proba Específica:**

Aspirantes con 18 anos cun Título de Técnico en Artes Plásticas e Deseño.

Aspirantes con 19 Anos que non Acrediten os Requisitos Académicos.

### **Ámbitos Profesionais**

Deseño e elaboración de produtos dourados e policromados.

Artes decorativas.

Embelecemento de superficies.

Rotulación a man.

Caligrafía iluminada.

Pintura mural.

Restauración de dourado.

### **Continuación Académica**

Outros Ciclos Superiores de Artes Plásticas e Deseño. Estudos Superiores de Deseño. Estudos Superiores de Escenografía. Grao en Belas Artes. Grao en Historia da Arte.

